



D. César Silva Feijóo, en calidade de Director do IES 12 de Outubro

EXPÓN:

Segundo o indicado na Resolución do 23 de outubro de 2020, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se ditan instrucións para permitir a saída do recinto escolar do alumnado maior de 16 anos nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2020-2021:

1. Debido a que as superficies do patio e zonas comuns do IES 12 de Outubro son reducidas e dado que estas están xa adicadas durante o recreo para acoller, por parcelas, ao alumnado da ESO e FP Básica de forma que podan manter as distancias de seguridade recollidas no Protocolo de Adaptación ao contexto da Covid 19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021, **NON é posible acoller dentro do recinto escolar** e durante o período de lecer adicado ao recreo ao alumnado de Bacharelato e Ciclos Formativos garantindo as medidas de prevención e seguridade antes mencionadas
2. O número de alumnado afectado por esta circunstancia é de :
 - Bacharelatos: 94
 - Ciclos Formativos de Grao Medio e Superior: 245

TOTAL: 339

3. O Consello Escolar acordou, en reunión do 05 de novembro de 2020, e por maioría (12 votos a favor, 0 en contra e 0 abstencións), facer esta solicitude á Xefatura Territorial de Ourense
4. As medidas complementarias que tomará o centro en materia de vixilancia e xestión das entradas e saídas nos tempos de recreo serán as seguintes:
 - Saídas e entradas escalonadas no tempo segundo a planta en que se encontré cada curso (3 minutos de diferenza por plantas)
 - Saídas e entradas por portas diferenciadas:
 - CC.FF de Edificio B por Porta nº3 excepto cursos de CS de Estética Integral e do Benestar cuxa entrada farase pola Porta nº2 ao remate da entrada dos cursos do Bacharelato.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

I.E.S. 12 DE OUTUBRO

Av. de Santiago, 2

32001 Ourense

Teléfono: 988788211

ies.12.outubro@edu.xunta.gal



FONDO SOCIAL EUROPEO
"El FSE invierte en tu futuro"

- CC.FF da familia de Fabricación mecánica pola porta nº 4
 - Bacharateratos : saídas por Porta nº4 e entradas por Porta nº2
 - Saídas e entradas en formación: primeiro Bacharelatos e Ciclos Medios (portas diferenciadas) eo ao remate Ciclos Superiores
 - A entrada do Bacharelato polo patio producirase unha vez teñan abandonado este ás formacións da ESO
 - A entrada dos CC.FF do Edificio B polo porta nº3 produciráse unha vez teñan abandonado o corredor ás formacións da FP Básica
5. As entradas e saídas estarán supervisadas polo profesorado de garda (recreo e 4ª hora) que viixará e regulará ás entradas e o profesorado de aula da hora previa ao recreo que acompañará en formación ao seu alumnado ata a porta de saída asignada
6. En todo momento atenderase ao indicado ao respecto no PLAN DE ADAPTACIÓN Á SITUACIÓN COVID 19 DO IES 12 DE OUTUBRO NO CURSO 2020-2021(Anexo das NOFC 2020/2021) aprobado polo director con data 07/09/2020, sendo previamente avaliado polo Claustro e informado o Consello escolar e publicado no centro e na páxina Web.

SOLICITO:

Que sexa autorizada a saída do recinto escolar do alumnado de Bacharelato e Ciclos Formativos maior de 16 anos durante os recreos, nos termos e condicións recollidas na resolución nomeada ao comezo desta solicitude

Para que conste aos efectos oportunos asino o presente en Ourense a 06 de novembro de 2020

César Silva Feijóo
Director

**XEFATURA TERRITORIAL DE OURENSE
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN , UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL**